

O TEXTO ARGUMENTATIVO



QUE VÉN SENDO?

O texto argumentativo é aquel que desenvolve unha idea ou *tese* acerca da cal o/a autor/a dá a súa opinión (favorable ou contraria). Trátase, basicamente, de tentar *convencer a persoa que le* sobre a validez desas ideas ou, no mínimo, fornecer datos sólidos que lle permitan cuestionar a súa posición inicial sobre o tema en cuestión.



CAL É A SÚA ESTRUTURA?

O texto argumentativo adoita presentar unha estrutura moi básica e recoñecible:

(a) **Introdución:** o/a autor/a formula a súa tese ou punto de vista, e faino de xeito claro e inequívoco. Neste apartado adoitan aparecer *secuencias expositivas*, é dicir, é habitual a exposición de datos obxectivos e contrastables a partir dos cales o/a autor/a desenvolverá posteriormente a súa argumentación. Por exemplo: "*Na actualidade calcúlase que se falan unhas 5000 linguas no mundo. A conclusión é evidente: non existen países monolingües, nin tampouco linguas que se circunscriban a un único territorio político. O galego é un exemplo claro disto*".

(b) **Desenvolvemento:** tras o/a autor/a desenvolve os seus argumentos. Normalmente, eses argumentos expóñense como réplica ou resposta a argumentos contrarios. Por exemplo: "*Considérase moitas veces que esa riqueza e diversidade lingüísticas constitúen un obstáculo para o progreso. **Porén...***" É tamén importante que, na medida do posible, eses argumentos se vexan apoiados por **datos** dos cales citaremos a **fonte**: por exemplo, "*Segundo indica o recente Informe PISA, o alumnado bilingüe ten moito máis éxito na aprendizaxe de novas linguas ca o alumnado monolingüe*".

(c) **Conclusión:** realízase unha síntese dos argumentos expostos.

É importante que esta estrutura fiquese clara para o/a lector/a. Para iso, cómpre estruturarmos a información **en parágrafos**. Por exemplo, sería ideal que cada argumento que damos ocupase un parágrafo, debidamente introducido polo conector que xulguemos conveniente.



QUE CARACTERÍSTICAS TEN?

Ademais do que acabamos de dicir, o texto argumentativo presenta unhas características lingüísticas moi concretas que o definen, entre as cales podemos salientar:

(a) O uso da primeira persoa (*coidamos, na nosa opinión, concordamos coa idea...*). Lóxico, tendo en conta que o texto xira en torno á opinión persoal de quen o escribe.

(b) Verbos e substantivos de opinión: por exemplo, *pensar, coidar, opinar, opinión, parecer* etc.

(c) Adxectivos valorativos, como podemos esperar nun tipo de texto esencialmente subxectivo e que transmite unha opinión: por exemplo, "*Esta intolerable situación non debería ser aceptada sen excesiva oposición por parte duns falantes pasivos no que se refire á defensa dos seus dereitos lingüísticos*".

(d) Conectores de orde (*Por un lado... En primeiro lugar... En definitiva...*), de contraste (*Porén... Non obstante... Malia todo...*) e explicativos (*É dicir... Ou sexa...*), entre outros.



PARA REDACTARMOS UN TEXTO ARGUMENTATIVO

Velaquí algúns consellos:

1. Cómpre termos clara a tese que imos defender e argumentar, e cinxírmonos a ela durante todo o texto.
2. Pensamos ben os argumentos e os contra-argumentos a partir dos cales estruturaremos o noso texto. Para iso pode sernos de utilidade anotalos e dispoñelos en dúas columnas.
3. Distribuímos a información nas tres partes básicas do texto argumentativo (introdución > desenvolvemento > conclusión).
4. E, coma en calquera outro tipo de texto formal, coidamos a corrección lingüística e a cohesión daquilo que escribimos. Evitamos tamén abusar dos "verbos comodín" (*ser, estar, facer, haber...*), procurando utilizar vocabulario máis específico e adecuado a aquilo que queremos dicir: por exemplo, "*A cuestión da diversidade lingüística é un cabalo de batalla da política española*" → "*A cuestión da diversidade lingüística constitúe un cabalo de batalla da política española*".